

## COCOTE

[Nelson Carlo de los Santos, 2017]

**PASE ÚNICO:** 12 de febreiro de 2018 | V.O.S.E.

*Cocote* (2017, 106')

**Dirección:** Nelson Carlo de los Santos

**Guión:** Nelson Carlo de los Santos

**Elenco:** Vicente Santos, Yudith Rodríguez,  
Yuberbi de la Rosa, Isabel Spencer, José Miguel Cruz,  
Enerolisa Núñez, Pepe Sierra

**Son:** Nahuel Palenque

**Montaxe:** Nelson Carlo de Los Santos Arias

**Dirección de arte:** Natalie Aponte

**Vestuario:** Carlo Herrera, Thelma Vanahí

**Fotografía:** Roman Kasseroller

**Produtoras:** Guasábara Cine (República Dominicana),  
Nabis Filmgroup (Arxentina), Pandora Filmproduktion  
(Alemaña)

**Distribuidora:** LuxBox

**Formato de proxección:** DCP2K, 1.85:1

**Idioma orixinal:** Español

### FILMOGRAFÍA SELECCIONADA

*Santa Teresa y otras historias*, 2015

*Lullabies*, 2014 [curtametraxe]

*Pareces una carreta de esas que lo*

*para ni lo' bueye*, 2013

*Le Dernier des bonbons*, 2011

[curtametraxes]

### PREMIOS E FESTIVAIS

Lanzarote 2017 (Premio NUMAX),

Locarno 2017 (Premio Signs of Life),

Mar del Plata 2017 (Mellor filme

latinoamericano ex aequo, Premio

FEISAL), Lisboa & Estoril Film Festival

2017 (Premio especial do xurado), Donostia

2017 (Horizontes Latinos)

### SINOPSE

O xardineiro dunha gran mansión urbana da República Dominicana recibe a noticia da morte de seu pai. Tras pedir permiso aos señores da casa para poder ausentarse durante a fin de semana, viaxa ao seu pobo natal para descubrir que, o que pensaba que sería un enterro tradicional e sinxelo, converteuse nunha esixencia de vinganza familiar. Como un Hamlet heterodoxo, verase envolto nun remuíño cultural, psicolóxico e familiar no que a (in)xustiza, a tradición, a honra e a brutalidade policial, o arrastrarán alén da súa vontade e os seus valores

«Fascinante, envolvente  
e sedutora»

Diego Batlle, OTROS CINES EUROPA



**SOBRE O DIRECTOR**

NELSON CARLO DE LOS SANTOS (Santo Domingo, 1985) estudou cinema en Buenos Aires e logo no Edinburh College of Arts onde comezou a traballar facendo filmes experimentais. Posteriormente fai o doutoramento en CalArts (California Institute of Arts). Durante este período realiza documentais observacionais que foron proxectados en festivais internacionais. A súa tese é un filme-ensaio titulado *Santa Teresa y otras historias*, estreado mundialmente no FIDMarseille onde gaña o premio Georges de Beauregard, logo do cal foi seleccionado en Nova York, a Viennale, Mar del Plata, gañando o premio ao Mellor Filme Latinoamericano no Cinema Tropical Awards. O seu segundo filme é *Cocote*, premiado en Locarno ou Mar del Plata, e gañador na Mostra de Cinema de Lanzarote o Premio NUMAX.

## “Busco unha imaxe que xere novos puntos de vista”

**Nota de intención do director**
**DA MEMORIA Á MORALIDADE**

Unha vez, sendo neno, meus pais deixáronme na gran casa da miña tía. A miña tía tiña un inmenso xardín onde adoitaba xogar todo o día. Cara ao remate dese verán, o xardín estaba feito un desastre, até que chegou un home. Nunca o vira antes e a miña tía díxolle temerosa: «Ola. Como rematou todo?». El respondeu: «Fíxenlle o mesmo que el a meu pai. Corteille o pescozo». O home ficou a traballar na casa da miña tía pero nunca falei con el, porque tiña demasiado medo.

Baseado nestas lembranzas era importante non caer no tópic do

terceiro mundo como un lugar onde a violencia é o centro ao redor do que todo xira. Sempre me interesou pensar de onde é que agroma a violencia. Unha violencia estraña, porque é case muda, sempre ao axexo. Nestas últimas décadas, por razóns que non veñen ao caso nomear aquí, a violencia tense incrementado na nosa sociedade, e por iso volvo atrás na memoria. Para falar de violencia e do crime é imposible non mencionar a moralidade. No meu país, empezo a preguntarme: desde que punto construímos a moralidade? Onde se atopa?

**RELIXIÓNS E RITUAIS**

O meu traballo interésase en como producimos coñecemento. Nun país no que moita xente tentou aproximarse á antropoloxía ou a socioloxía, a min facíase necesario abrir unha conversa analizando as relixións. Unha institución fundamental na produción de valores. Con *Cocote* propoño falar de dúas relixións, *Los misterios*, tan vella como o Catolicismo, coincidente coas crenzas do Oeste de África e o Cristianismo, apareceu debido á colonización do Caribe. A pesar de que foi amplamente practicada en toda a illa, sempre foi marxinada por parte da clase dominante.

Pola outra banda, hoxe en día, a institución relixiosa máis poderosa é a igrexa Protestante. Todas as súas manifestacións e ideoloxías foron introducidas nos anos 50 a través do imperialismo norteamericano, instaurando a súa moral e visión sociopolítica na República Dominicana. Ambos paradigmas que producen valores son confrontados en *Cocote*, que os pon en escena empregando verdadeiros practicantes de ambas relixións. *Cocote* convértese nunha plataforma onde estas voces poden expresarse e defenderse.

Sempre busco unha imaxe que achegue novos discursos e, o que é máis importante, novos puntos de vista. En constante ruptura, por exemplo, no camiño, no ritual, ou mesmo no

xardín, podemos acceder a un principio romántico: a inmensidade da natureza e a nosa insignificancia como humanos. A sociedade dominicana, historicamente falando, viviu procesos que deviron nunha certa pobreza en termos de investigación histórica, sociolóxica, antropolóxica e artística. A academia é tamén responsábel de crear novos paradigmas de coñecemento. Por tanto, debemos identificar cales son os vehículos axeitados para o noso imaxinario cultural. O primeiro, coído, é a oralidade.

**EU, ELES, NÓS**

Para achegarte ao mundo formal, precisas enfrontarte a unha Esquerda que adoita ser demasiado didáctica e a unha Dereita que nin sequera teño en conta. A experimentación real en América Latina precisa ir alén dos planos longos propostos polo cinema de autor. Precisamos crear discursos visuais novos e acaídos, e non ter medo de romper fronteiras, xusto como fan os autores do primeiro mundo. O meu traballo sempre vai combater o dogmatismo latinoamericano, por iso non teño medo de traballar con diferentes formas e texturas, xogando constantemente con son diexético e extradiexético, aludindo ao fóra de campo, o que ás veces pode cristalizar nunha narrativa e ás veces non. A través da abstracción atopo significados que axudan a crear esta conversa.

A decisión de encontrar significados a través da abstracción é o que garante o encontro con territorios estraños, se cadra mesmo novos. Nese sentido, o que é conceptual neste filme é a viaxe de Alberto, que non ten explicación para el. Así é como constrúo a estética de *Cocote*. Un *eu* que representa, un *eles* que son representados, e sempre co anhelo latente de que, de cando en cando, os roles sexan intercambiados. E daquela poderíamos falar dun *nós*.

Publicado en <http://www.luxboxfilms.com/>  
 Tradución: Xan Gómez Viñas

# NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega  
 Concepción Arenal, 9 baixo  
 15702 Santiago de Compostela  
 TELF 981 560 250 | [www.numax.org](http://www.numax.org)